

Prezado profesorado de Bioloxía:

Dende o grupo de traballo de Bioloxía da CiUG queremos informarvos de que, no enlace correspondente á materia de Bioloxía da páxina web da CiUG, podedes atopar información actualizada relacionada coa nova proba de avaliación de Bioloxía da PAU do curso 2024-25.

Somos conscientes de que calquera cambio que se produce nun sistema de avaliación pode supoñer unha dificultade engadida, que requira un maior esforzo por parte do profesorado e do estudiantado. Tamén entendemos que, nalgúns casos, o cambio no modelo de avaliación pode crear unha certa inseguridade en parte do estudiantado, ou mesmo do profesorado. Por estes motivos, dende o grupo de traballo de Bioloxía queremos enviarnos, en primeiro lugar, unha mensaxe de absoluta normalidade. Aínda que é certo que o enfoque do exame é diferente ao dos cursos anteriores, dando maior importancia aos aspectos competenciais da aprendizaxe, non temos ningunha dúbida de que o noso estudiantado de bacharelato está sobradamente preparado para que os resultados da avaliación sexan positivos, como veñen sendo nos últimos anos.

De feito, e como poderedes comprobar, non modificamos as orientacións publicadas o pasado curso, xa que pensamos que seguen sendo perfectamente válidas. Debe terse en conta, en calquera caso, que o obxectivo destas orientacións é, unicamente, facilitar a preparación do exame das PAU, destacando ou concretando aspectos sobre determinadas partes da materia, pero non pretenden ser unha orientación de cara aos contidos a impartir durante o curso, que están fixados polo Decreto 157/2022, de 15 de setembro. Tamén por ese motivo, non existen recomendacións nalgúns apartados específicos, alén das de cingirse aos contidos publicados no Decreto.

O novo modelo de exame, consta de catro preguntas de resposta obrigatoria, puntuadas cada unha con 2,5 puntos. A primeira pregunta estará sempre baseada na lectura dun texto, sobre o que se formularán unha serie de cuestións. As outras tres preguntas teñen un primeiro apartado de resposta única e un segundo apartado con posibilidade de elección. No documento “Estrutura do exame de Bioloxía”, poderedes encontrar información máis detallada sobre estes aspectos da proba. Esperamos que a información sexa de utilidade e que, xunto co exame de mostra publicado, vos servan para ensaiar co voso estudiantado o novo modelo de exame, algo que, dende o grupo de traballo queremos recomendarvos que fagades.

Dende o grupo de traballo continuaremos a completar e actualizar a información de ser necesario, e agradecemos todas as suxestións que recibamos.

Recibide un cordial saúdo e o noso desexo de que teñades uns excelentes resultados, tanto no curso como na nova PAU.

O Grupo de Traballo de Bioloxía